

PLAN DIXITAL

CPR PLURILINGÜE FEC SAN JOSÉ

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

1. Situación de partida

- 1.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 1.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 1.3. Análise DAFO

2. Plan de Acción

- 2.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 2.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

3. Avaliación do PD

- 3.1. Seguimento do Plan de Acción
- 3.2. Propostas de mellora (revisión)

4. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O colexio CPR Plurilingüe FEC San José está situado na rúa Santiago, nº 2, CP: 27004 de Lugo.

Os datos do centro son:

- Teléfono: [982 2215 01](tel:982221501)
- Páxina Web: www.sanjoselugo.com
- Corre electrónico: sanjose.lugo@colegiosfec.com
- Tipo de centro: [concertado relixioso, mixto, de dúas liñas que ofrece as etapas de Infantil, Primaria e ESO \(concertadas\) e a de Bacharelato \(privada\).](#)
- Instituto ao que está adscrito o centro: [IES Nosa Señora dos Ollos Grandes.](#)

A oferta educativa abrangue dende Infantil ata Bacharelato. Na parte concertada conta con 6 unidades de Educación Infantil, 12 unidades de Educación Primaria e 8 unidades de Educación Secundaria. Na parte privada, 4 unidades de Bacharelato .

O Colexio FEC San José defínese como un centro educativo ,de convivencia e traballo ,que busca conseguir a formación integral do alumno/a, e que se resume no seu lema "Facemos escola, educamos persoas".

A procedencia do alumnado é bastante homoxénea resaltando que a cantidade de alumnado estranxeiro aumentou nos últimos anos. Aumentou tamén o número de familias desestructuradas. O nivel socioeconómico e cultural deste é en xeral, medio,e pódese afirmar que ,aínda que aparecen cada vez máis casos de familias con dificultades económicas, estas dificultades son extremas en poucos casos. .

O número de alumnado por nivel-etapa educativa é:

- ✓ 148 Educación Infantil.
- ✓ 297 Educación Primaria.
- ✓ 235 Educación Secundaria
- ✓ 121 Bacharelato.

O claustro de profesores do Centro no presente Curso Escolar está composto por:

- ✓ 6 mestras de Educación Infantil.
- ✓ 16 mestres de Educación Primaria.
- ✓ 27 mestres de Educación Secundaria e Bacharelato.
- ✓ 1 Orientador psicopedagógico en Educación Secundaria.
- ✓ 1 PT
- ✓ 1 Director pedagógico.
- ✓ 1 Xefe de Estudos
- ✓ 1 Director Xeral

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O colexio está situado no centro da cidade, a escasos metros da Muralla Romana e a Catedral, símbolos da nosa cidade, e o camiño de Santiago pasa por diante das nosas portas. A poucos metros do colexio atópanse tamén os edificios da asociación APSNAIS e mais o da Fundación TIC.

Unha gran parte de familias son as que se dedican ao sector de servizos, autónomos e tamén funcionarios de distintas administracións. Parte de eles posúen estudos elementais, outra parte medios e outra universitarios polo que podemos dicir que o nivel sociocultural e económico é medio.

Tanto a Dirección do centro escolar, como o resto do claustro do mesmo, é plenamente consciente da nova realidade tecnolóxica do momento. As novas tecnoloxías irromperon con gran forza no seo da nosa sociedade, introducíndose en todos os ámbitos de traballo.

Por todo iso, ao elaborar este Plan Dixital partimos dunha realidade propia e unhas expectativas que pretendemos nos conduzan a:

- Convertelo nunha ferramenta que axude ao cumprimento dalgúns principios xerais do P.E.C. e do Plan TIC.
- Convertelo nunha ferramenta imprescindible para conseguir os obxectivos propostos no Plan TIC que está recollido anualmente na PXA.
- Utilizalo como un instrumento que forme parte do Proxecto Educativo, o Proxecto de Dirección e a Programación Xeral Anual (PXA).
- Favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensinanza-aprendizaxe

como no resto dos procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado.

- Que se converta nun proxecto compartido por todos os membros da comunidade educativa, que de coherencia e guíe o uso das tecnoloxías.
- Concienciar aos nosos alumnos/as da necesidade de coñecer e usar as T.I.C.
- Compensar as desigualdades tecnolóxicas que hai entre as familias.
- Promover a formación do profesorado e así renovar a ilusión por un ensino de calidade propia do século XXI.

A problemática social, económica e de saúde pública actual, fan máis que nunca necesario o uso destas ferramentas para unha docencia versátil e global. A principal función deste plan será a integración destes recursos e metodoloxías no desenvolvemento diario da docencia para así, facer fronte da mellor maneira posible a esta nova situación educativa. Novos retos tanto nunha formación presencial como telemática.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital do Centro será o instrumento que adecúe e facilite o uso dos medios dixitais no proceso de ensinanza-aprendizaxe, entendido dende o obxectivo do desenvolvemento pleno e integral do alumnado. É fundamental dar un enfoque de cento ó uso dos recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e recursos dispoñibles, de modo que se converta nun proxecto compartido para os membros da comunidade educativa, que de coherencia e guíe o uso das tecnoloxías.

A normativa de referencia fundamental para a redacción deste Plan foi:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Para a realización do Plan formouse o equipo de dinamización do Plan Dixital composto por 10 profesores do centro, os cales tamén forman parte do equipo do Plan TIC.

Dende a Xunta asígnase un mentor co cal tivemos unha comunicación continua para a realización e a entrega das diferentes tarefas parciais do Plan, así como varias videoconferencias para resolver as diferentes dúbidas que foron xurdindo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro dispón dunha rede cableada cos dispositivos necesarios para os ordenadores das aulas e de servizos, ademais de varias redes inalámbricas tanto para uso xeral da comunidade educativo como do persoal docente e de servizos.

O centro dispón do seguinte equipamento:

- Educación infantil: 6 portátiles con canon de proxección e taboleiro dixital. Os canóns están obsoletos en 4 deles non se ven correctamente. Non dispoñemos dos drivers actualizados das taboleiros dixitais.

- Educación primaria: 12 portátiles con canon de proxección e tableiro dixital. Os canóns están obsoletos e non se ven correctamente.
- ESO e BAC: 12 portátiles con canón de proxección e pantalla. Só se ven correctamente 4 proxectores.
- Biblioteca: 5 portátiles pero con características bastante obsoletas de software.
- Equipo directivo e P.A.S: 7 portátiles. Con características bastante obsoletas de software.
- Administración: dispón de 1 ordenador de sobremesa, unha impresora láser e un escáner.
- Aula informática: 18 portátiles. Con características moi obsoletas de software e capacidade.
- Altosfalantes: 12 aulas nos que funcionan correctamente, no resto non funcionan ou non se escoitan adecuadamente.
- Impresora multifunción láser en cor.
- 1 ordenador servidor que se encarga da xestión das redes do colexio.

O centro dispón da plataforma SM Educamos para comunicación coas familias e cos alumnos e facilita tamén unha licenza de Office 365; esta plataforma é opcional nas etapas educativas ata a ESO e de uso obrigado en Bacharelato, onde asociada a ela, dispónse tamén da plataforma EVA (Moodle) como recurso online.

Para a ESO e Bacharelato e niveles inferiores se é necesario (confinamentos ou corentenas) o alumnado pode usar a plataforma TEAMS incluída no Office 365, ben para videoconferencias con familias e alumnos ou para comunicarse a través do chat.

O mantemento do equipamento lévao a cabo o coordinador TIC do centro axudado pola comisión correspondente e cando é necesario recórrase aos servizos centrais.

Os protocolos de actuación relacionados coas TIC están recollidos no Plan TIC, revísase anualmente e modifícase cada catro anos.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- **Autoavaliación SELFIE:** Ferramenta para axudar ós centros educativos a integrar as tecnoloxías dixitais na docencia, o aprendizaxe e a evolución do alumnado

Resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa :

Areas	Grupos	Ensinanzas		
		Primaria	ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Direct.	3.8	3.7	3.4
	Profesorado	3.6	3.4	3.2
	Alumnado			
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.4	3.4	3.6
	Profesorado	3.4	3.4	3
	Alumnado	3.5	2.6	2.5
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.7	3.7	3.6
	Profesorado	3.5	3.3	3.2
	Alumnado	3.7	2.7	3.3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.1	4.1	4.2
	Profesorado	3.8	3.4	3.3
	Alumnado			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.7	3.8	3.8
	Profesorado	3.8	4.1	3.9
	Alumnado		3.7	4.3
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3	3	2.8
	Profesorado	3	3.4	3.2
	Alumnado	3.6	3.2	3.3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.7	2.5	2.9
	Profesorado	3	3.3	3
	Alumnado		2.5	2.7
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.3	3.1	3.2
	Profesorado	3.8	3.5	3.5
	Alumnado	3.8	2.9	3.1

- **Test CDD:** Cuestionario para coñecer a competencia dixital docente.

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
LABORAL	42	48	87.5%
SUBSTITUTO	3	7	42.9%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75.5	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	60.7	Explorador/a (A2)	68.2	Integrador/a (B1)
ESO	85.4	Integrador/a (B1)	79.2	Integrador/a (B1)
Pri.	64.9	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)
ENR	64	Explorador/a (A2)	75.4	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	22	48.9%
Integrador/a (B1)	15	33.3%
Experto/a (B2)	6	13.3%
Líder (C1)	2	4.4%
TOTAL	45	99.9%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> (C3) Acceso a internet en todas as aulas tanto por ethernet como por wifi (C7) Contamos con sistema de protección de datos. 	<ol style="list-style-type: none"> (C1-C2) A infraestrutura dixital nas aulas e espazos comúns non é adecuado para desenvolver procesos de ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías (C10) Equipos dixitais insuficientes. O alumnado non dispón de dispositivos portátiles para levar a casa cando o precisen. (C14) Os espazos físicos NON facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais son moi reducidas a aulas para tanto alumnado e non existen espazos comúns axeitados (C15) O alumnado con necesidades educativas especiais NON ten acceso ás tecnoloxías de apoio (C16) Non existen, no noso centro, repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe (C5) A asistencia técnica NON está dispoñible no noso centro cando surden problemas coas tecnoloxías dixitais
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> (D2) Apoio ó desenvolvemento profesional continuo (E1) Recursos educativos en liña (E3-E4-E5) Utilizamos as tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionada co centro educativo, usamos recursos dixitais en aberto e creamos recursos dixitais (F5) Os nosos profesores utilizan as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumando (DCP 2) Desenvolvemento profesional en liña 	<ol style="list-style-type: none"> (F6) Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais (G5-G6) Escaso uso das tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe nin poden levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus compañeiros (G7) Non recibimos axuda para utilizar as tecnoloxías dixitais con fins de avaliación (G10) Valoramos de maneira escasa as competencias dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro educativo. Competencias dixitais insuficientes do profesorado
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> (C13) O alumnado pode traer os seus propios dispositivos portátiles e utilízalos durante as clases AFC1 A maior parte do alumnado ten acceso a dispositivos fora do centro 	<ol style="list-style-type: none"> (H13) O alumnado aprende escasamente a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais. O alumnado distráese co uso dos dispositivos dixitais
	FAMILIAS		<ol style="list-style-type: none"> (C13 OP) (B2) Reticencia das familias a dar este paso dixital Baixa competencia dixital das familias
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> (SMT4) Manéxase con seguridade as tecnoloxías na comunicación (CDP 1-2-3-4-5) O centro ten experiencia no uso de entornos de aprendizaxe e ten acceso a recursos dixitais en liña ben organizados. PE3 Promóvese formación ó profesorado e axústase ás necesidades. Porcentaxe alto nas enquisas, por isto podemos sacar datos fiables. (SMT1-2-3-4) Queremos usalas e somos conscientes das vantaxes de empregar a tecnoloxía con solvencia para a preparación das clases, impartición das mesmas, retroalimentación, apoio e comunicación 	<ol style="list-style-type: none"> (A4) Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital e apoiar os compañeiros con menos habilidades dixitais O coordinador TIC non debería ser un técnico de soporte. (G8) Non facilitamos ao alumnado o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe (PE 4, PE 5) Posible cambio na política de software libre, para poder acollernos a este plan xa que non somos autónomos nesta decisión.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> (PE3) Promóvese formación ó profesorado e axústase ás necesidades A administración educativa aposta por este ámbito É un incentivo para a mellora da calidade educativa (C1-C2) Actualización do equipamento dixital para a aprendizaxe, obsoleto no centro (C5) Asistencia técnica, didáctica e mentorización no propio centro por docente competente dixitalmente disposto a desenvolverla coa liberación horaria correspondente Maior oferta dixital tanto nas actividades escolares coma extraescolares (H) (H12) Maior formación do noso alumnado en competencia dixital e uso responsable. (A3) Novas modalidades de ensinanza para o reclamo de futuros alumnos. (A1-A2-A3) Cambiar o gasto de libros de texto por material informático 	<ol style="list-style-type: none"> (D) Carga lectiva elevada sen tempo para formación. Falta de fondos/axudas (F-G-H) Ratio de alumnado moi alta para un bo traballo individualizado (H11) O alumnado NON aprende a codificar ou programar por falta de materias no curriculum
	LEXISLACIÓN		1. (A-D-F-G) Cambios legislativos constantes
	CONTORNA	1. (B-E) Creación de canles colaborativas e asesoramento entre o profesorado do noso centro e da contorna	
	ANPA	1. (C13OP) Familias de clase social medio/alta que favorece que a maioría deles dispoñan de dispositivos dixitais e acceso a rede na súa casa.	
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> (D1-D2-D3) Formación dixital continua no propio centro Maior oferta dixital tanto nas actividades escolares coma extraescolares 	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O Plan de Acción elaborouse a partir da análise DAFO.

Os pasos que se seguiron foron:

- Establecéronse as áreas prioritarias e determináronse os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.
- Definimos ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- Determínanse as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporalización e determinar os recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Coa entrada en vigor da nova lei educativa, LOMLOE, vese necesario unha maior infraestrutura tecnolóxica para poder desenvolver e cubrir o curriculum dunha maneira máis axeitada ás competencias TIC, xa que aparecen novas materias como: tecnoloxía e dixitalización, educación dixital, dixitalización, TIC, etc. que requiren de medios actualizados e adecuados para o seu correcto desenvolvemento.

- Dixitalización aula de música: Ordenador, canon, tableiro dixital e altosfalantes. Xa que actualmente carece destes medios.
- Proxectores (24 ud) para distintas aulas. Actualmente non dispoñemos de dispositivos adecuados xa que non se ven correctamente o que dificulta enormemente a labor docente, tanto para explicacións, exposicións, visualización de vídeos, etc.
- Adecuar un aula para o traballo destas materias dixitais como robótica, dixitalización, TIC, etc con materiais e mesas específicas: 15 ordenadores con software correspondente e equipamento técnico para soportar os sistemas CAD que se impartirán en diferentes materias como debuxo técnico.
- Impresora 3D para aplicar as competencias traballas nas diferentes materias como tecnoloxía, debuxo, etc. Poderán ter a posibilidade de crear deseños en 3 dimensións que favorecerán a innovación e interese do alumnado.
- Ordenador para a sala de profesores para a consulta de información e facilitarlle os medios tecnolóxicos que necesite ó profesorado do centro.
- Ordenadores/tablets (15 ud) para o uso do alumnado na aula de informática.
- Tableiros dixitais (6) para as aulas de educación infantil, xa que son de uso habitual para actividades de iniciación a escritura e cálculo.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para obxectivo 1

Área/s de mellora:C: Infraestrutura e Equipos.						
OBXECTIVO 1	C5: Dispoñer de asistencia técnica suficiente no centro.				Acadado	
Responsable	Admistración Educativa/ E.Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Existencia de persoa Coordinador/a TIC con perfil técnico con maior liberación horaria, 6h semanais como mínimo (Instrumento: Cadro horario)					
Valor de partida	Existe asistencia técnica por coordinador TIC pero con insuficiente liberación horaria. (2 h semanais)					
Valor previsto e data	Existe asistencia técnica no centro por coordinador TIC con una disposición de seis horas semanais			22/12/2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Nomear un coordinador TIC con suficiente liberación horaria para resolver os posibles problemas en horario lectivo	Dirección/Xefatura de estudos.	15/09/2022	Cadro horario		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formar de xeito específico o coordinador TIC	Dirección/Xefatura de estudos.	22/12/2022	Asesor CFR e Área Pedagóxica Institucional		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Elaborar un rexistro de incidencias técnicas que ademais permita coñecer o número de horas dedicadas a cada tarefa.	Coordinador/a TIC	Semanal	Persoa coordinadora		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para obxectivo 2

Área/s de mellora:C: Infraestrutura e Equipos.						
OBXECTIVO 2	C.16 Crear repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza-aprendizaxe.				Acadado	
Responsable	Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Existencia dun repositorio en Teams con materiais de ensinanza-aprendizaxe para as diferentes áreas.					
Valor de partida	Inexistencia de repositorio					
Valor previsto e data	Existencia de repositorio con materiais de ensinanza-aprendizaxe para as diferentes áreas. (10 recursos por etapa)(Instrumento: Plataforma Teams)			Remate do curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Crear grupos colaborativos para deseñar e crear contidos dixitais.	Equipo directivo e coordinador/a TIC.	31/10/22	Grupo colaborativo de docentes. Tecnoloxía dixital básica		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Crear unha unidade de aprendizaxe en Teams como repositorio/biblioteca.	Coordinador/a TIC.	Despois da creación do grupo de traballo colaborativo. 2º e 3º Trimestre.	Horas de traballo Grupo colaborativo de docentes.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será da seguinte maneira:

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O protocolo para a publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa será a través do correo institucional de Office 365, farase unha explicación do Plan no último claustro do curso 21-22 e o documento estará colgado para a consulta de calquera persoa do claustro na plataforma Teams incluída no Office 365.